

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DO DÍA 25
DE OUTUBRO DE 2024**

Ás 10.04 horas do día 25 de outubro de 2024, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: don Luis Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luis Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Emilio Luís Díaz Vidal

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Marina Vaz Quintillán

Don Aurentino Alonso Araújo

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Elvira Lama Fernández

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Antonio Fernández Martín

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

O deputado de DO, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se debatía o punto cuarto da orde do día, regresando cando se trataba o punto oitavo. E volveu ausentarse cando se trataba o punto décimo e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á extraordinaria do día 27 de setembro de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 27 de setembro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE AO “FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE”.-

María Teresa Barge Bello, do Grupo Popular, dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 2º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 2](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7) e do BNG (3) e a abstención de DO (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á entidade asociativa “FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE”, con efectos do 1 de xaneiro de 2025.

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso.

3º.- Designar como representante da Deputación Provincial de Ourense na Asemblea Xeral do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ao presidente da Deputación Provincial ou deputado/a en quen delegue.

4º.- Comprometer a inclusión no orzamento de 2025 do gasto correspondente á cota anual fixada na cantidade de 9.573,90 euros.

3º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA PROVINCIAL POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS DE COMPETENCIA LOCAL.-

José María Lago Cabo, do Grupo Popular, dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 3º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 3](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7) e do BNG (3) e a abstención de DO (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa provincial pola prestación do servizo intermunicipal delegado de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local, co seguinte contido:

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS DE AMBAS AS TAXAS

Artigo 1. Ámbito territorial de aplicación

A ordenanza fiscal provincial establece o marco normativo e financeiro para a prestación do servizo, substituíndo as ordenanzas de taxas de este servizo existentes nos municipios de Amoeiro, Avión, Baltar, Bande, Beariz, Os Blancos, Boborás, A Bola, O Bolo, Calvos de Randín, Carballada de Valdeorras¹, O Carballiño, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castro Caldelas, Coles, Chandrexa de Queixa, Entrimo, Xinzo de Limia, A Gudiña, O Irixo, Larouco, Lobeira, Lobios, Maceda, Manzaneda, A Mezquita, Montederramo, Muíños, Oimbra, Padrenda. Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Petín,

Porqueira, A Pobra de Trives, Punxín, Rairiz de Veiga, Ribadavia, San Xoán de Río, Riós, A Rúa, Rubiá, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, Sandiás, Sarreaus, Taboadela, A Teixeira, Toén, Trasmiras, A Veiga, Viana do Bolo¹, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Vilardevós e Vilariño de Conso.

¹ Se a delegación de competencias para o establecemento, ordenación e imposición de taxas deste concello non se acordase polo órgano competente (Pleno) antes da entrada en vigor desta ordenanza, quedaría automaticamente excluído do ámbito territorial de aplicación de esta ordenanza fiscal.

Artigo 2. Obxecto, fundamento e natureza

A Deputación de Ourense, en réxime de competencia delegada, é agora responsable da ordenación, xestión e planificación do servizo, incluíndo a determinación das condicións do servizo e da planificación de investimentos. Así mesmo, a Deputación de Ourense asume a potestade sancionadora, asegurando o cumprimento da normativa vixente en materia de residuos.

A unificación de competencias tamén implica a imposición e xestión das taxas de residuos nos devanditos municipios, conforme co disposto na lexislación de facendas locais, garantindo que os municipios que delegaron o servizo o reciban de forma integral e axustado ás súas necesidades específicas. Esta ordenanza fiscal representa un paso cara unha maior coordinación intermunicipal, co fin de mellorar a eficiencia, reducir custos e asegurar un tratamento responsable dos residuos.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133,2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 e 20 e ao abeiro do previsto nos artigos 57 e 20.4.s), do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular (LRSCEC), a Deputación de Ourense establece a taxa polo servizo de recollida, tratamento e eliminación de residuos de competencia municipal.

Con esta regulación dáselle cumprimento á esixencia legal de establecer unha taxa específica, diferenciada e non deficitaria e que permita implantar sistemas de pago por xeración e que reflicta o custo real, directo ou indirecto, das operacións de recollida, transporte e tratamento dos residuos como establece o artigo 11 da LRSCEC.

CAPÍTULO II. TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS DOMÉSTICOS

Artigo 3. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento dos residuos domésticos, así como do resto de actuacións que engloban o concepto de xestión de residuos establecido no artigo 2 da LRSCEC.
2. Este servizo de recollida transporte e tratamento de residuos domésticos resulta de recepción obrigatoria.
3. Considéranse residuos domésticos:

a) Os residuos perigosos ou non perigosos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas.

b) Os xerados en servizos e industrias, de composición e cantidades similares aos definidos como domésticos, que non se xerasen como consecuencia da actividade propia do servizo ou industria.

En concreto, inclúense nesta categoría todos aqueles residuos definidos como domésticos no artigo 2 da LRSCEC.

A prestación do servizo a cada vivenda, local ou establecemento, constitúe un feito impoñible diferenciado, polo que dá lugar ao pagamento da taxa correspondente, mesmo nos supostos en que varias vivendas, locais ou establecementos pertencen a un mesmo suxeito pasivo.

Artigo 4. Exencións

Estarán exentos do pago da taxa de xestión de residuos os inmobles nos que concurra calquera das seguintes circunstancias de feito:

1. Estar en estado de ruína oficialmente declarado polo concello, de conformidade coa lexislación urbanística vixente. A declaración de non suxeición e correspondente baixa no padrón será producida de oficio pola Administración Tributaria, unha vez comunicada polo concello a correspondente declaración de ruína.

2. Trátase dunha vivenda en situación de inhabibilidade. Esta exención será tramitada a instancia de parte. Para que se recoñeza a exención fiscal, os titulares dos inmobles deberán presentar ante a Deputación de Ourense a seguinte documentación:

a) Informe técnico de inhabibilidade, emitido por un técnico competente, que acredite o estado do inmovible conforme cos estándares legais e normativos de habitabilidade.

b) Solicitude formal de exención, que deberá incluír os datos de identificación do inmovible, referencia catastral e calquera outra información requirida pola autoridade competente.

A exención terá efectos a partir do exercicio fiscal seguinte á data de presentación da solicitude, unha vez aprobada a exención por parte da Deputación de Ourense. Esta exención manterase mentres persista a situación de inhabibilidade acreditada, sendo obrigación do titular do inmovible de comunicar calquera variación sobre as circunstancias que motivaron a concesión da exención.

Non poderán acollerse a esta exención os inmobles que, aínda estando declarados inhabitables, se utilicen con fins comerciais, industriais, agrícolas, ou calquera outro uso distinto ao de vivenda.

A Deputación de Ourense resérvase o dereito de inspeccionar o inmovible exento en calquera momento para verificar a continuidade da situación de inhabilitabilidade. No caso de que se constate a habitabilidade ou utilización do inmovible, procederase á revogación inmediata da exención e á cobranza retroactiva da taxa correspondente.

Artigo 5. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, locais ou establecementos beneficiarios do servizo de recollida de residuos domésticos de recepción obrigatoria ao que se refire o artigo 3, feito impoñible, ben sexa a título de propietario, usufrutuario, arrendatario ou, mesmo, precario.
2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas, locais ou soares, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios, que son os beneficiarios do servizo, tal e como dispón o artigo 23.2 do TRLRHL.

Artigo 6. Cota tributaria e reducións da cota

Características da cota tributaria

A cota tributaria nunha cantidade anual que será o resultado do sumatorio dunha cota fixa e da aplicación, no seu caso, das reducións establecidas neste artigo. A cota fixa consistirá nunha cantidade por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmoables, con carácter anual. Aplicarase, de carácter xeral, unha cota a vivendas de 79,93 € ao ano e unha cota a locais industriais con xeración de residuos domésticos de 79,93 € ao ano. A liquidación da cota realizarase con carácter trimestral de conformidade co disposto no artigos 10 e 12 desta Ordenanza fiscal.

Enténdese como vivenda a un edificio ou parte dun edificio de carácter privativo e con destino a residencia e habitación das persoas. Enténdense locais industriais con xeración de residuos domésticos aqueles que xeran residuos de composición e cantidades similares aos definidos como domésticos, que non se xerasen como consecuencia da actividade propia do servizo ou industria. Non fai referencia, en ningún caso, ao residuo derivado da actividade industrial que non é competencia das entidades locais (art.12.5 Lei 7/2022), senón derivado da parte asimilable á doméstica como consecuencia de restos de limpeza dos locais que non inclúan restos e rexeitamentos de produción, e as que causen os traballadores no uso das instalacións.

Reducións da cota en vivendas

Co fin de axustar a repercusión dos custos do servizo de recollida de residuos en función da intensidade de xeración e do custo efectivo que soporta a Deputación de Ourense, aplicaranse unha serie de reducións sobre a cota tributaria en determinados supostos. Estas reducións están deseñadas para reflectir tanto o menor custo do servizo en situacións específicas, como para incentivar comportamentos que favorezan a correcta xestión e segregación dos residuos en orixe. As reducións aplicables, que serán compatibles entre si e por tanto acumulables, concederanse exclusivamente a vivendas e fundamentanse nos seguintes supostos:

1. Redución por realización de compostaxe:

As vivendas que realicen compostaxe doméstica de maneira adecuada, ou no seu caso estean adheridos a un programa de compostaxe comunitario, terán dereito a unha redución do 30% na cota. Esta redución poderá solicitarse mediante acreditación por parte do suxeito pasivo, quen deberá demostrar a realización da compostaxe, segundo o establecido na ordenanza reguladora do servizo, e logo de comprobación técnica por parte da Deputación, que verificará condicións como a chegada de material orgánico, a humidade e a temperatura, e no seu caso o número de aportes anuais ao composteiro comunitario.

A redución tamén poderá ser aplicada de oficio se a Deputación de Ourense dispón de información suficiente para verificar a correcta compostaxe. A Deputación resérvase o dereito para realizar inspeccións anuais para asegurar a continuidade das prácticas de compostaxe. No caso de que non permita realizar a inspección ou os resultados desta sexan negativos, perderase o dereito á redución.

2. Redución por depósito de residuos en punto limpo:

A cota tributaria reducirase nun 10% para as vivendas cuxos suxeitos pasivos realizasen polo menos dous entregas en un punto limpo (fixo ou móbil) durante o exercicio anual anterior. O suxeito pasivo poderá solicitar a redución mediante a acreditación documental, presentando xustificantes emitidos polo punto limpo que especifiquen as datas e os tipos de residuos depositados. A Deputación de Ourense tamén poderá aplicar esta redución de oficio, sempre que dispoña dos datos necesarios para acreditar o cumprimento dos requisitos.

A solicitude, xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos requisitos para gozar destas reducións deberá ser presentada antes do 1 de marzo do ano correspondente ao pagamento da taxa.

Cotas tributarias aplicables

A cota tributaria da taxa pola prestación do servizo público de recepción obrigatoria de recollida, transporte e tratamento dos residuos de competencia local consistirá nunha cantidade anual, que resultará de aplicar a cota xeral correspondente a cada tipo de inmovible, axustada en función das reducións aplicables ás vivendas, conforme os criterios descritos anteriormente.

Descrición	Cota tributaria
Locais industriais con xeración de residuos domésticos	79,93 €
Vivendas xeral	79,93 €
Vivendas xeral con compostaxe doméstica / comunitaria	55,95 €
Vivendas xeral con uso do punto limpo	71,94 €
Vivendas xeral con compostaxe e uso do punto limpo	47,96€

No caso de que nunha mesma entidade rexistral dunha leira coincidan unha cota por actividade económica e unha cota por vivenda, aplicarase unicamente a cota de maior importe, sempre que ambas correspondan ao mesmo suxeito pasivo. O suxeito pasivo deberá comunicar esta situación a través do modelo de solicitude correspondente e presentala en calquera rexistro das administracións públicas de forma física ou telemática antes do 1 de marzo do ano en curso, e a declaración será válida ata que o suxeito pasivo comunique o contrario.

Se a actividade económica se desenvolve nun establecemento aberto ao público con acceso directo á vía pública, corresponderá tributar polas dúas cotas xerais, tanto a doméstica como a comercial, de maneira simultánea.

Cando varios predios rexistrais ou catastrais se unifiquen fisicamente para constituír un único inmovible ou destino, a cota tributaria aplicarase como se se tratase dun só inmovible, considerando o total da superficie e actividade resultantes.

CAPÍTULO III. TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS COMERCIAIS

Artigo 7.- Feito imponible

Son servizos municipais complementarios, susceptibles de ser prestados polo sector privado –autorizado para a prestación do servizo, nos termos previstos na normativa vixente en materia de residuos–, a recollida, transporte e tratamento dos residuos comerciais.

Constitúe o feito imponible da taxa polo servizo de xestión de residuos comerciais, a prestación dos servizos de recollida, transporte e tratamento de residuos comerciais non perigosos, así como do resto de actuacións que engloban o concepto de xestión de residuos segundo o artigo 2 da LRSCEC. Para estes efectos, terán a consideración de residuos comerciais os xerados pola actividade propia do comercio, polo miúdo e por xunto, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e os mercados, así como do resto do sector servizos.

Artigo 8.- Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que:

- a) Soliciten a prestación do servizo.
- b) Resulten especialmente beneficiadas ou afectadas pola prestación do servizo.

2. Os titulares de actividades que xeren residuos comerciais e desexen utilizar un sistema de xestión de residuos distinto ao establecido pola Deputación de Ourense, están obrigados a acreditar que teñen contratado un servizo cun xestor autorizado para a xestión de todos os residuos que xere a súa actividade.

A acreditación deberá ser completa, abarcando a totalidade dos residuos producidos, e xestionada por un xestor debidamente autorizado para estes fins. A documentación mínima a presentar para xustificar esta acreditación será a seguinte:

- Contrato asinado coa empresa xestora de residuos, que inclúa unha frecuencia de recollida mínima dunha vez por semana para residuos orgánicos ou envases alimentarios. Sempre que o produtor xere este tipo de residuos. En caso de non xerar residuos orgánicos ou envases alimentarios, o produtor deberá acreditalo documentalmentemente, e non estará obrigado a cumprir esta frecuencia mínima.
- Tres últimas facturas emitidas polo xestor autorizado, que acrediten a vixencia do contrato e a correcta prestación do servizo.

A solicitude de acreditación deberá presentarse dentro dos seguintes prazos:

- Se a actividade xa se estaba realizando con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza: no prazo dun mes desde a súa entrada en vigor.

- Se a actividade xeradora de residuos se inicia con posterioridade á entrada en vigor: no prazo dun mes desde o inicio da actividade.

3. No caso de que o titular da actividade non acredite o cumprimento do disposto no apartado anterior no prazo indicado, a Deputación de Ourense considerará que este titular queda automaticamente adherido ao sistema de recollida, transporte e tratamento de residuos comerciais establecido pola corporación, polo que será considerado suxeito pasivo da taxa regulada nesta ordenanza.

4. Considerarase suxeito pasivo substituto do contribuínte ao propietario dos locais onde se sitúe a actividade xeradora de residuos, de acordo co previsto no artigo 23.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRHL). O propietario terá dereito a repercutir as cotas satisfeitas sobre os usuarios ou arrendatarios, que serán os beneficiarios do servizo.

Artigo 9. Cota tributaria e reducións da cota

A) Inmobles con recollida en contedores colectivos

A cota para os locais comerciais cuxa recollida se realice a través de contedores colectivos estará determinada pola natureza e o destino dos inmobles, atendendo á capacidade estimada de produción de residuos comerciais e a súa repercusión nos custos do servizo, segundo a tipoloxía da actividade e a superficie do inmovible.

Tipoloxía	Rango de superficie	Cota anual
Establecementos de alimentación (carnicerías, froiterías, peixerías, etcétera),	Menos de 100m ²	159,85 €
	Entre 100 e 300m ²	479,55 €
	Máis de 300m ²	1.918,22 €

florarías, mercados, hipermercados e supermercados.		
Establecementos de aloxamento: Hoteis, hostais, apartamentos, aparta-hoteis	Menos de 500m ²	192,54 €
	Entre 500 e 1000 m ²	385,07 €
	Máis de 1.000m ²	1.155,22 €
Campamentos turísticos (Cámpings)	Menos de 2.500m ²	181,52 €
	Entre 2.500m ² e 5.000m ²	363,04 €

	Máis de 5.000m ²	750,29 €
Restaurantes e bares con cociña ou establecementos con cociña, cantina ou comedor	Menos de 100m ²	264,44 €
	Entre 100 e 300m ²	793,31 €
	Máis de 300m ²	2.115,49 €
Bares sen cociña, cafeterías e salóns de festa, discotecas e pubs	Menos de 100m ²	117,60 €
	Entre 100 e 300m ²	352,80 €
	Máis de 300m ²	940,80 €
Comercio polo miúdo e por xunto de produtos non perecedoiros	Menos de 100m ²	85,42 €
	Entre 100 e 300m ²	256,27 €
	Máis de 300m ²	683,38 €
Centros docentes sen servizo de comedor	Fixo	98,53 €
Centros de ensino con servizo comedor	Menos de 2.500m ²	1.512,70 €
	Entre 2.500m ² e 5.000m ²	3.025,39 €
	Máis de 5.000m ²	6.252,48 €
Oficinas, despachos e servizos profesionais	Menos de 100m ²	67,90 €
	Entre 100 e 300m ²	203,70 €
	Máis de 300m ²	543,21 €
Cines, teatros, bibliotecas e museos	Fixo	120,29 €
Cemiterios e igrexas e templos con cemiterios.	Menos de 500m ²	47,33 €
	Entre 500 e 1000 m ²	276,10 €
	Máis de 1.000m ²	473,31 €
Hospitais, residencias e centros médicos con aloxamento ou cociña	Menos de 2.500m ²	1.319,39 €
	Entre 2.500m ² e 5.000m ²	2.638,77 €

	Máis de 5.000m ²	5.453,47 €
Centros de atención médica e similares sen aloxamento e sen cociña	Fixo	183,62 €
Instalacións deportivas (excluíndo servizo de bar ou cafetería)	Fixo	145,08 €
Almacéns e comerciantes por xunto e outros locais non recollidos expresamente nos apartados anteriores	Menos de 500m ²	77,45 €
	Entre 500 e 1000 m ²	154,91 €
	Máis de 1.000m ²	464,72 €

B) Inmobles con recollida en contedores de uso exclusivo para a fracción resto

Os locais comerciais que dispoñan de contedores de uso exclusivo para a fracción resto estarán suxeitos a unha cota baseada no número de contedores, o volume destes e a localización do local comercial.

Os locais situados en entidades singulares de poboación superior a 1.500 habitantes terán unha cota anual por contedor diferente daqueles localizados en entidades singulares de menos de 1.500 habitantes, núcleos de poboación ou diseminados, de acordo coa clasificación do Instituto Nacional de Estatística (INE). Como referencia, utilizarase a poboación rexistrada no padrón continuo do 1 de xaneiro do ano anterior, facilitada polo INE.

Tipo de entidade singular onde se localiza o local comercial	Volume de contedor dispoñible (l)	Cota anual por contedor
Diseminado, núcleo de poboación ou entidades singulares con poboación inferior a 1.500 habitantes	120	77,77 €
	360	219,11 €
	800	474,29 €
Entidades singulares con poboación igual ou de máis de 1.500 habitantes	120	118,75 €
	360	342,06 €
	800	747,51 €

A Deputación de Ourense, conforme cos principios de proporcionalidade e eficiencia do servizo, e en virtude do principio de quen contamina, paga, poderá obrigar a aqueles produtores cuxos residuos xerados excedan as cantidades teóricas máximas previstas para a súa actividade, consonte ao anexo I, a adherirse ao réxime de contedores de uso

exclusivo. Esta medida tomarase tras a comprobación mediante expediente administrativo, e a cota establecerase en función do número e volume dos contedores determinados como necesarios. A resolución seralle notificada ao interesado e entrará en vigor a partir da data de emisión do acto administrativo correspondente.

A modalidade de recollida mediante contedores de uso exclusivo poderá ser solicitada polo suxeito pasivo, quen deberá indicar o número de contedores e o volume de cada un, en función da estimación de residuos xerados pola súa actividade. A solicitude deberá realizarse mediante o modelo correspondente e presentarse en calquera das formas recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O mesmo procedemento será utilizado para solicitar unha modificación do número e/ou volume dos contedores asignados previamente. A Administración Tributaria avaliará a solicitude a través da tramitación dun expediente contradictorio, comprobando a realidade da produción de residuos do local ou establecemento. Na resolución que estableza a aplicación deste réxime especial, determinarase o número e volume de contedores de uso exclusivo que deberá empregar o local ou establecemento, de acordo coa produción de residuos acreditada no expediente.

A aplicación deste réxime poderá ser revisada a instancia de parte. As resolucións relativas á aplicación do réxime especial de cotas, así como as súas revisións ou modificacións posteriores, terán efectos no período impositivo seguinte a partir da data de emisión do acto administrativo correspondente.

Reducións da cota

Co fin de fomentar a separación en orixe e a recollida selectiva da fracción orgánica de calidade (FORM), aplicarase unha redución do 20% sobre a cota trimestral para aqueles locais comerciais que realicen unha recollida selectiva adecuada da fracción orgánica e se adhiran á recollida específica de grandes produtores de biorresíduos que se estableza. Esta redución será aplicable tanto para inmobles con recollida en contedores colectivos como naqueles con recollida en contedores de uso exclusivo.

A redución poderá ser aplicada a solicitude do suxeito pasivo a través do modelo de solicitude correspondente e presentada en calquera das formas recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, logo de comprobación polos servizos técnicos da Deputación das adecuadas condicións da separación en orixe de FORM en calidade e cantidade. En caso de non

dispoñer do servizo de recollida da FORM comercial, o suxeito pasivo deberá solicitarllo previamente á Deputación.

Así mesmo, a Deputación poderá aplicar esta redución de oficio, sempre que dispoña de información suficiente para acreditar a adecuada separación. A Deputación poderá realizar inspeccións anuais para verificar a continuidade da correcta separación e recollida selectiva da fracción orgánica. No caso de que as inspeccións non se puideran levar a cabo por causa do interesado ou ben o resultado da inspección sexa negativo, a redución de cota non será aplicable

CAPÍTULO IV. DISPOSICIÓN COMÚNS DE AMBAS AS TAXAS

Artigo 10. Normas de xestión, liquidación, inspección e recadación

1. Para os efectos da aplicación da presente ordenanza, a Deputación Provincial de Ourense será a Administración Tributaria coa competencia de xestión tributaria, inspección e recadación.
2. A taxa xestionarase de oficio a Administración Tributaria, a partir dun padrón que se formará anualmente, e aprobarase mediante unha resolución da Presidencia.
3. O padrón será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos dos concellos, ademais de na páxina web da Deputación Provincial de Ourense. As modificacións, altas e baixas que se produzan ao longo do exercicio tributario incorporaranse ao padrón mediante unha resolución da Presidencia, que será obxecto de notificación individualizada aos/as interesados/as, sen prexuízo da súa publicación.
4. As modificacións, altas e baixas individuais no padrón levaranse a cabo de oficio ou a instancia dos/as interesados/as, cando se modifiquen os supostos de feito que determinan a inclusión no padrón, e terán efectos a partir da data da súa aprobación, ou, se é o caso, a partir da data na que a Administración tivo coñecemento da circunstancia que motiva a modificación, suposto no que se indicará na resolución correspondente a data de efectos a mesma.

En todo caso, os/as interesados/as terán a obrigação de comunicarlle á Administración calquera feito con transcendencia tributaria susceptible de modificar os datos do padrón, sen que sexan admisibles as reclamacións pola falta de modificación dos padróns cando esta teña como causa o incumprimento polo/a interesado/a da súa obrigação de comunicar os cambios producidos e, en todo caso, cando estes non fosen coñecidos pola Administración Tributaria.

5. A liquidación da taxa realizarase trimestralmente, mediante a emisión dos recibos correspondentes, que lles serán comunicados aos/ás interesados/as para os efectos puramente informativos. A comunicación dos recibos non terá o carácter de notificación da liquidación tributaria, que se entenderá realizada mediante a publicación do padrón correspondente ou mediante a notificación dos actos de modificación puntual do devandito padrón. Nos supostos en que o suxeito pasivo contribuínte da taxa non sexa o titular do inmovible ao que se presta servizo, a liquidación realizaráselles directamente aos ocupantes ou usuarios, sen que teña lugar a substitución do contribuínte, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- a) Que sexa solicitada conxuntamente polo propietario e o ocupante ou usuario, achegando o título xurídico que lexitima o uso ou ocupación.
- b) Que o sistema de pago sexa a domiciliación bancaria dos recibos.

En ausencia destes requisitos, ou cando deixen de producirse, a liquidación realizaráselle ao propietario, na súa condición de substituto do contribuínte. En particular, nos supostos de non pago en período voluntario polo contribuínte, a Administración Tributaria poderá modificar o padrón correspondente,

6. No non establecido nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexerase polo determinado na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.

Artigo 11. Responsables e sucesores

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas e entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria nos supostos e co alcance sinalados en dito precepto.
3. A derivación de responsabilidade requirirá que, trala audiencia previa do interesado, se dite o correspondente acto administrativo, nos termos previstos na Lei xeral tributaria.
4. As obrigacións tributarias pendentes esixiráselles aos sucesores das persoas físicas, xurídicas e entidades sen personalidade, nos termos previstos na Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral.

Artigo 12. Devindicación, período impositivo e pagamento

1. A taxa devindicarase no momento no que se inicie a prestación do servizo. Cando a taxa se devindique con carácter anual, terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano, e o período impositivo comprenderá o ano natural. Non obstante, nos supostos de inicio ou cese na prestación do servizo con posterioridade a 1 de xaneiro o período impositivo comprenderá o tempo efectivo de prestación de servizo durante o ano natural e a cota farase a pro rata

por trimestres naturais completos, computándose como trimestre completo o de inicio ou cese da prestación do servizo.

2. O cobro da taxa será trimestral.

3. Nos supostos en que se produzan modificacións dos suxeitos pasivos con posterioridade ao 1 de xaneiro de cada exercicio tributario, estas modificacións producirán efecto a partir do trimestre natural seguinte á data de efectividade da modificación.

Disposición Adicional. Modificación dos preceptos da ordenanza e das referencias con respecto á normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores

Os preceptos desta Ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aqueles en os que se realicen remisións a preceptos desta, entenderase que son automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios dos que traen causa.

Disposición final

A presente Ordenanza fiscal, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Deputación, entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e rexerá ata a súa modificación ou derogación expresa.

Anexo I. Cantidades teóricas previstas por actividade e rango de superficie

Tipoloxía	Rango de superficie	Cantidades anuais máximas previstas
Establecementos de alimentación (carnicerías, froiterías, peixerías, etcétera), florarías, mercados, hipermercados e supermercados.	Menos de 100 m ²	620 kg/ano
	Entre 100 e 300 m ²	1.860 kg/ano
	Máis de 300 m ²	7.450 kg/ano
Establecementos de aloxamento: Hoteis, hostais, apartamentos, aparta-hoteis	Menos de 500 m ²	750 kg/ano
	Entre 500 e 1000 m ²	1.500 kg/ano
	Máis de 1.000 m ²	4.490 kg/ano
Campamentos turísticos (Cámpings)	Menos de 2.500 m ²	700 kg/ano
	Entre 2.500 m ² e 5.000 m ²	1.410 kg/ano

	Máis de 5.000 m ²	2.910 kg/ano
Restaurantes e bares con cociña ou establecementos con cociña, cantina ou Comedor	Menos de 100 m ²	1.030 kg/ano
	Entre 100 e 300 m ²	3.080 kg/ano
	Máis de 300 m ²	8.210 kg/ano
Bares sen cociña, cafeterías e salóns de festa, discotecas e pubs	Menos de 100 m ²	460 kg/ano
	Entre 100 e 300 m ²	1.370 kg/ano
	Máis de 300 m ²	3.650 kg/ano
Comercio polo miúdo e por xunto de produtos non perecedoiros	Menos de 100 m ²	330 kg/ano
	Entre 100 e 300 m ²	1.000 kg/ano
	Máis de 300 m ²	2.650 kg/ano
Centros docentes sen servizo de comedor	Fixo	380 kg/ano
Centros de ensino con servizo comedor	Menos de 2.500 m ²	5.870 kg/ano

	Entre 2.500 m ² e 5.000 m ²	11.750 kg/ano
	Máis de 5.000 m ²	24.280 kg/ano
Oficinas, despachos e servizos profesionais	Menos de 100 m ²	260 kg/ano
	Entre 100 e 300 m ²	790 kg/ano
	Máis de 300 m ²	2.110 kg/ano
Cines, teatros, bibliotecas e museos	Fixo	470 kg/ano
Cemiterios e igrexas e templos con cemiterios.	Menos de 500 m ²	180 kg/ano
	Entre 500 e 1000 m ²	1.070 kg/ano
	Máis de 1.000m ²	1.840 kg/ano

Hospitais, residencias e centros médicos con aloxamento ou cociña	Menos de 2.500 m ²	5.120 kg/ano
	Entre 2.500 m ² e 5.000 m ²	10.250 kg/ano
	Máis de 5.000 m ²	21.180 kg/ano
Centros de atención médica e similares sen aloxamento e sen cociña	Fixo	710 kg/ano
Instalacións deportivas (excluíndo servizo de bar ou cafetería)	Fixo	560 kg/ano
Almacéns e comerciantes por xunto e outros locais non recollidos expresamente nos apartados anteriores	Menos de 500 m ²	300 kg/ano
	Entre 500 e 1000 m ²	600 kg/ano
	Máis de 1.000 m ²	1.800 kg/ano

Segundo. Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense, na sede electrónica da Deputación en nun dos xornais de maior difusión da provincia, todo isto de conformidade co previsto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da corporación provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formulasen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

4º.- EXPEDIENTE NÚMERO 5/2024 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS ORZAMENTARIOS CONSISTENTE NA CONCESIÓN DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS, CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, FINANCIADO CON CARGO A MAIORES INGRESOS RECADADOS.

A este expediente presentáronse dúas emendas por parte da Presidencia. O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 5º e 6º.

Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido dos ditames favorables da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, relativos aos expedientes de modificación de créditos números 5, 6 e 7 de 2024.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 4º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 4](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación as emendas presentadas e o expediente, obténdose o seguinte resultado:

Emenda n.º 1, relativa a un suplemento de crédito por importe de 1.200.000 euros, resulta aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12), e abstención do Grupo Socialista (7) e de DO (2) e o voto en contra do BNG (3).

Emenda n.º 2, relativa a un crédito extraordinario por importe de 300.000 euros, resulta aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7) e do BNG (3) e a abstención de DO (3).

A continuación sométese a votación o expediente coa incorporación das emendas aprobadas, e co voto favorable do Grupo Popular (12), e a abstención do Grupo Socialista (7), do BNG (3) e de DO (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente número 5/2024 de modificación de créditos orzamentarios consistente na concesión de suplementos de créditos, créditos extraordinarios e da modificación das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, financiado con cargo a maiores ingresos recadados.

O detalle da modificación orzamentaria cuantitativa é a seguinte:

Suplementos de créditos:

Aplicación Orzamentaria	CONCEPTO	IMPORTE
16201/22700	COOP. XESTIÓN LIXO. LIMPEZA E ASEO	45.000,00 €
24111/12000	FOMENTO DO EMPREGO. RETRIBUCIÓN BÁSICAS	15.000,00 €
24111/12100	FOMENTO DO EMPREGO. COMPLEMENTO DESTINO	10.000,00 €
24111/12101	FOMENTO DO EMPREGO. COMPLEMENTO ESPECÍFICO	15.000,00 €
24111/15000	FOMENTO DO EMPREGO. PRODUCTIVIDAD	2.700,00 €
33418/62300	CENTRO CULTURAL MARCOS VALCARCEL. MAQ, INST E FERRAMENTAS	39.000,00 €
33419/62300	TEATRO PRINCIPAL. MAQ, INST E FERRAMENTAS	30.000,00 €
33419/63200	TEATRO PRINCIPAL. EDIFICIOS E OUTRAS CONST.	48.000,00 €

33420/20700	ACTIV. CULTURAIS. PRESTACIÓN DE SERVIZOS	18.150,00 €
33420/22609	ACTIV. CULTURAIS. ACTIVIDADES CULTURAIS	120.150,00 €
33420/62501	ACTIV. CULTURAIS. ESCULTURAS E PERTENZAS	42.500,00 €
33711/63200	PAZO DE VILAMARIN. EDIFICIOS E OUTRAS CONST.	150.000,00 €
34111/75000	PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE. XUNTA DE GALICIA	553.991,12 €
42011/41000	INORDE. A ORGANISMOS AUTÓNOMOS	68.000,00 €
43311/83100	DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL. ANTICIPOS A LONGO PRAZO	1.500.000,00 €
45311/61903	VÍAS PROVINCIAIS. REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	2.500.000,00 €
45313/22111	PARQUE FORNECEMENTOS. SUM, REP, MAQUINARIA	115.000,00 €
91211/22400	CORPORACIÓN PROV. PRIMAS DE SEGUROS	25.000,00 €
91211/22601	CORPORACIÓN PROV. ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	40.000,00 €
92001/23301	SECRETARIA XERAL. ASISTENCIA A TRIBUNAIS	15.000,00 €
92011/22201	PAZO PROVINCIAL. POSTAIS	110.000,00 €
92011/22730	PAZO PROVINCIAL. MANTEMENTO	1.100,00 €
92017/22606	ACTIVIDADES FORMATIVAS. REUNIÓNS E CONFERENCIAIS	100.000,00 €
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS		5.563.591,12 €

Concesión dun suplemento de crédito, por importe de 1.200.000,00 euros, financiado con maiores ingresos efectivamente recadados respecto dos inicialmente previstos relativos á liquidación definitiva da participación da entidade nos ingresos do Estado correspondente ao exercicio 2022 (PIE 2022),

Suplemento de crédito		Financiamento	
Aplicación orzamentaria	Importe	Concepto de ingresos	Importe
9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A DISOLUCIÓN DO INORDE COMO ENTE AUTÓNOMO E A INCORPORACIÓN DA SÚA MISIÓN E PERSOAL NO SEO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL

Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

“Creado en 1987, o Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (INORDE) preséntase coma un organismo autónomo local de carácter administrativo dependente da Deputación de Ourense. Segundo os seus estatutos, aprobados pola Corporación Provincial o 24 de setembro de 2004 para adecuarse á lexislación entón en vigor e cuxa derradeira modificación data do 31 de xaneiro de 2020, na súa condición de organismo autónomo local de natureza administrativa trátase dunha “entidade de dereito público con personalidade xurídica propia e autonomía económica e administrativa para a realización das súas fins, así como para a xestión do seu patrimonio” (Artigo 2.1). No artellado estatutario sinálase tamén

que o INORDE “queda adscrito á Presidencia da Deputación Provincial” que “poderá delegar o exercicio de todas ou algunhas das súas facultades que lle corresponden como órgano de adscrición nun deputado da Corporación (Artigo 2.2). A aportación en 2024 da Deputación de Ourense ao INORDE ascende a 2.369.000, representando case que o 70% do total do orzamento do ente “autónomo”, que conta cun presuposto total de 2.856.204 euros para este exercicio. As seguintes achegas máis representativas dentro do apartado de transferencias correntes proveñen da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Rural e a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, con 90.500 e 80.000 euros respectivamente; e de fóra do Estado, vía os proxectos RAIA SECA (63.375 euros), CIRCULAR ECOSYSTEMS (52.350 euros) e POST (35.901 euros). Aínda que sobre o papel o INORDE conta co seu propio orzamento e de capacidade de xestión do mesmo, a instancia depende absolutamente das asignacións da Deputación de Ourense, sendo mínimos os fondos que capta doutras administracións, coma subvencións e fondos europeos. Amais de no económico, a pretendida “autonomía” do INORDE tamén choca coa súa case total dependencia administrativa e operativa por parte da Deputación de Ourense. As funcións de asesoría legal corresponden ao secretario xeral da Deputación e as labores de control e fiscalización internas da xestión económico-financeira e orzamentaria recaen no interventor da propia Corporación Provincial (artigos 7.1 e 7.2). Malia os formalismos de concorrencia dun Consello Reitor (artigos 7, 8 e 10) e dunha Comisión Executiva (artigos 10 e 11), o INORDE está absolutamente supeditado á supervisión, escrutinio e control da Deputación, que determina as liñas principais de actuación e designa aos seus responsables (artigos 12 e 13), consagrándose de facto un réxime de tutela (Artigo 14). A acción do INORDE atópase aliñada coa política e estratexia global da Deputación, nomeadamente do partido que ocupa o poder, que pon e quita aos seus responsables. Sen ser exhaustivos, queda ben ás claras que, baixo unha particular natureza, o INORDE non é máis que unha extensión da Deputación de Ourense, un servizo redobrado que se solapa coa acción doutros departamentos da Corporación Provincial. A Deputación traballa nas súas diferentes áreas e servizos a prol do desenvolvemento integral da provincia no social, económico, cultural e medioambiental. A través do apoio a concellos insiste no auxe do rural, promovendo o turismo e apostando pola innovación e a sustentabilidade, que son os eidos nos que está tamén chamado a intervir o INORDE. Sen éxitos salientables, son contadas as deputacións españolas que contan con estruturas similares á do INORDE. No ámbito galego é habitual que os plans de desenvolvemento económico se inscriban en programas de actuación non dislocados das propias deputacións. Xunto coa ausencia de

autonomía de facto da Deputación de Ourense e o redobramento da propia acción da Corporación Provincial, o INORDE tampouco representa: 1) un modo de optimizar recursos, apuntalando a eficacia administrativa, a flexibilidade organizativa e/ou certas economías de escala; 2) nin unha mellor coordinación estratéxica, caracterizada por unha requintada planificación integral e/ou simplificación burocrática; 3) nin unha meirande transparencia e control na toma de decisións e xestión de recursos; 4) nin tan sequera permite avanzar na visibilidade e representatividade do INORDE -dentro e fóra da provincia- como entidade protagonista no desenvolvemento provincial. Ben ao contrario, o INORDE representa un modo de pensar e xestionar a provincia acaído con realidades supostamente pasadas. Nesta orde de cousas, chama a atención que desde a súa entrada en función a media de gasto en persoal situouse entre o 50-70% do orzamento do Instituto. Ben que en 2024 os gastos de persoal ascenden a 1.398.033 euros (40% do total), a estes habería que engadir 20.137 euros en indemnizacións e dietas, 10.000 euros en gastos de representación e 4.500 euros de locomoción para persoal. Xustifican os resultados do INORDE tales dispendios? Ata cando a crenza na reformabilidade do INORDE, en funcionamento desde 1987 sen admitir a máis mínima corrección para devir unha estrutura minimamente funcional aos intereses da provincia? Non están suficientemente garantidas as misións do Instituto a través dos servizos da propia Deputación? Non traballa xa arreo a Corporación Provincial no desenvolvemento e mellora das condicións económicas e sociais da nosa provincia? É necesario seguir na senda de irracionalidade administrativa, falta de coordinación e duplica servizos, desbaldir recursos e manter a opacidade e descontrol na xestión de recursos públicos? É realmente preciso manter a ficción que representa o INORDE? Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO: PRIMEIRA.- Instar á Deputación de Ourense á disolución do INORDE e que os departamentos e servizos da Corporación Provincial asuman as misións e proxectos que supostamente desenvolve o Instituto. SEGUNDA.- Instar á Deputación de Ourense á integración do persoal do INORDE nos departamentos acaídos da Corporación Provincial en función dos seus perfís e experiencia profesional”.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 9º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 9](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (7), do BNG (3) e de DO (3) e o voto en contra do Grupo Popular (12), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Deputación de Ourense á disolución do INORDE e que os departamentos e servizos da Corporación Provincial asuman as misións e proxectos que supostamente desenvolve o Instituto.

Segundo.- Instar á Deputación de Ourense á integración do persoal do INORDE nos departamentos acaídos da Corporación Provincial en función dos seus perfís e experiencia profesional.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA A INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A ACELERAR A RENOVACIÓN DAS VÍAS DE COMUNICACIÓN, XA SEXAN POR ESTRADA OU FERROVIARIAS ENTRE OURENSE E LUGO

A esta moción presentou unha emenda o Grupo Popular.

Manuel Seoane Rodríguez, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

“Que as comunicacións entre Ourense e Lugo estean discriminadas xa non debería sorprendernos. Temos centos de exemplos que certifican esta situación. Os veciños e veciñas desta provincia que teñen que facer este traxecto sofren as consecuencias diariamente, xa sexa por estrada ou por ferrocarril. As diferencias con respecto o eixo atlántico dentro da nosa comunidade son alarmantes, tanto no referente á calidade das comunicacións por estrada como no caso das frecuencias e da velocidade en transporte ferroviario. Poderíamos contemplar, polo menos, que ante a falta dunhas vías de comunicación por estrada de calidade, fose o transporte ferroviario o que soportase a meirande parte do peso, ou viceversa, pero nada mais lonxe da realidade. No ámbito ferroviario, a reapertura da circulación entre Ourense e Monforte de Lemos, que ADIF previra para o 1 de outubro, volta a ter retrasos nas obras. Dentro das obras de mellora da rede convencional previstas en Galicia, ADIF vén realizando na conexión Ourense-Monforte-Lugo unha adecuación integral da liña co obxectivo de mellorar a fiabilidade e competitividade da mesma, así como a modernización de instalacións e electrificación a 25 kV que permitirá a conexión de Lugo coa liña de Alta Velocidade en Ourense. Dada a natureza e complexidade das obras para abordar nesta liña, ADIF suspendeu a circulación entre Ourense e Monforte no outono de 2022. O feito de que o traxecto Ourense-Monforte estea incorporado no Corredor Atlántico da Rede Transeuropea de Transportes, levou a ADIF a ampliar os gálidos en túneles e pasos superiores para equiparar as prestacións desta infraestrutura aos corredores europeos. En xullo de 2023, ADIF comunicou nunha nota de prensa que a ampliación do alcance non

*compromete a finalización do proxecto de renovación integral, pero implica a suspensión da circulación ata o último trimestre de 2023. Finalizou 2023 e esta a piques de finalizar o 2024 e as obras están moi lonxe de finalizar, por tanto ADIF incumpriu o prazo comprometido que anunciou que finalmente estarían rematadas no 2024. Somos conscientes das dificultades de traballar neste complexo tramo ferroviario entre Ourense-Os Peares-Monforte, e por iso é entendible que haxa unhas razoables desviacións nos prazos comprometidos, pero non tantos incumprimentos repetitivos, máxime cando a circulación ferroviaria está suspendida. Moito nos tememos que ata ven entrado o 2025 esta liña non estará en condicións de retomar a circulación dos trens e por tanto os servizos ferroviarios seguiranse facendo por estrada. Esta nova demora, sospeitamos que non será a última e continuará. En canto as estradas, un caso aparte o merece a N-540. Unha estrada nacional que une dous capitais de provincia como Lugo e Ourense, que se atopan a 90 quilómetros de distancia. Nos últimos tempos vemos o deterioro e a falta de mantemento constante do firme en varias zonas da mesma, resaltando os tramos de Guntín e o que transcorre entre A Barrela e Chantada que están completamente desfeitos. A estrada está esnaquizada, chea de fochancas, o supón un perigo para a circulación, provocando que a maioría do transporte convencional se canalice cara a N-120, aumentando o problema do tráfico nesta vía, que como todos sabemos, non se topa nas mellores condicións, necesitado esta tamén, un plan especial de conservación. O pasado 12 de febreiro adxudicouse o contrato para a rehabilitación do firme desta estrada, en catro anualidades, tendo previsto o comezo das obras este mesmo mes de outubro, non tendo novas a día de hoxe sobre o comezo das mesmas. En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes **ACORDOS**: 1º. Instar ó Goberno de España a acelerar e rematar a maior brevidade posible as obras do corredor ferroviario Lugo–Ourense e así evitar o trastorno que lle supón os usuarios facer parte do traxecto en autobús, coas limitacións que isto implica. 2º. Instar ó Goberno de España a que acelere a execución das obras na N-540 e que sexan declaradas de urxencia para acurtar os prazos de execución, dado o lamentable estado no que se encontra”.*

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 10º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 10](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aceptada ao obter o voto favorable do Grupo Popular (12), do BNG (3) e de DO (3) e a abstención do Grupo Socialista (7).

A continuación sométese a votación a moción coa emenda aprobada, e por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Instar ao Goberno de España a acelerar e rematar, á maior brevidade posible, as obras do corredor ferroviario Lugo–Ourense e así evitar o trastorno que lle supón os usuarios facer parte do traxecto en autobús, coas limitacións que isto implica.

2º. Instar ao Goberno de España a que acelere a execución das obras na N-540 e que sexan declaradas de urxencia para acurtar os prazos de execución, dado o lamentable estado no que se encontra.

3º.- Instar ao Goberno de España a licitar, sen máis demora, no primeiro trimestre de 2025, as obras de implantación de carrís adicionais da N-120, entre os quilómetros 548,800 e 564,000, Os Peares e Ourense.

4º.- Instar ao Goberno de España a activar as obras dos tramos da autovía A-56 (Ourense-Lugo), licitando as obras do tramo Quintela-A Casa, concluíndo a redacción do proxecto do tramo A Casa-Cambeo e poñendo fin á paralización do proxecto do tramo Cambeo-Sanmartiño.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA CONTRIBUÍR Á MELLORA DAS CONDICIÓN DAS FARMACIAS DO RURAL DA PROVINCIA DE OURENSE, PARA GARANTIR A SÚA VIABILIDADE E ESTABILIDADE ECONÓMICA

A esta moción presentou unha emenda o Grupo Popular

O Grupo Socialista, presentou a seguinte moción, que é defendida por dona **Elena Álvarez Cerdeiriña, farmacéutica dos Peares**

“A provincia de Ourense é unha das máis afectadas polo despoboamento no Estado español, cunha poboación envellecida e dispersa, comprendendo áreas rurais de difícil acceso. Neste senso, os establecementos farmacéuticos do rural da nosa provincia cónfórmanse coma un pilar fundamental do benestar da veciñanza e mesmo un vector de loita contra o despoboamento. As farmacias do rural non só garanten o acceso aos medicamentos e servizos sanitarios, senón que tamén contribúen a frear o despoboamento, melloran a calidade de vida dos habitantes e representan ás veces o único nexo co sistema sanitario nunha provincia que enfronta importantes retos

demográficos e orográficos. A relevancia das farmacias rurais en Ourense pode avaliarse desde diferentes enfoques. Os establecementos farmacéuticos aseguran o acceso aos servizos sanitarios dunha poboación envellecida, con todo o que esta variable implica á nivel de demanda de medicamentos e atención sanitaria continuada, proporcionando un acceso de proximidade ás medicinas e asesoramento farmacéutico, evitando que os nosos maiores teñan que desprazarse grandes distancias para recibir tratamentos ou atención. Dado que os centros de saúde e hospitais adoitan estar a varios quilómetros de distancia, as farmacias convértense nun servizo esencial para os habitantes locais, actuando como puntos de referencia na saúde. As boticas non só dispensan medicamentos e produtos de parafarmacia, senón que tamén ofrecen servizos de prevención e promoción da saúde, como control da tensión arterial, medición da glucosa en sangue, vacinación e consello farmacéutico, entre outros. Unha serie de actividades que se entoxan esenciais en áreas onde o acceso a profesionais médicos ou enfermeiras pode estar limitado, contribuíndo así á mellora da saúde pública e á prevención de complicacións en enfermidades crónicas. Doutra banda, en momentos de emerxencia sanitaria, como ocorreu na pandemia de Covid-19, ou baixo condicións climáticas adversas, as farmacias rurais deveñen un apoio crucial para as nosas comunidades. “A educación sanitaria que ofrece o farmacéutico aos cidadáns pode axudar a potenciar o seu papel no Sistema Nacional de Saúde de xeito relevante”, estima Santiago Leyes Vence, presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Ourense (COFO). Porque as boticas do rural tamén funcionan coma vencello entre os pacientes e o sistema sanitario máis amplo, facilitando a continuidade dos tratamentos prescritos polos médicos e proporcionando información sobre o acceso a outros servizos sanitarios. Nunha provincia que ten unha particular realidade xeográfica, que implica limitacións na orde das comunicacións e da loxística, isto é crucial para garantir que as veciñas e veciños poidan recibir atención sanitaria sen necesidade de desprazarse a certa distancia. Os establecementos de farmacia rurais tamén adoitan desenvolver un importantísimo rol social. En moitos casos os farmacéuticos son figuras próximas á comunidade, que coñecen ben as súas entornas e aos seus veciños, ofrecendo non só axuda e consello médicos, senón tamén apoio emocional. En lugares con poboacións moi envellecidas e dispersas este tipo de relacións humanas son chave para a cohesión social e o benestar xeral da poboación. Na súa condición de servizo esencial, as farmacias rurais contribúen a paliar o éxodo cara cidades e vilas. A súa

mera existencia axuda a reter aos residentes, sobre todo ás persoas maiores e quen dependen de atención e seguimento médico constante, coadxuvando á sustentabilidade destas pequenas comunidades. Das case que 1.400 farmacias que hai en Galicia, na provincia de Ourense o sector farmacéutico está composto de aproximadamente 190 unidades. As boticas están distribuídas tanto na capital e grandes vilas como nas zonas rurais. A súa capilaridade é fundamental na provincia de Ourense, marcada pola dispersión xeográfica e cunha poboación en idade avanzada. O volume de negocio do sector na provincia acadou os 109 millóns de euros en 2021, que equivale ao 11,3% do total galego en gasto farmacéutico. Porén, ducias de farmacéuticos contactados nas diferentes comarcas de Ourense e o propio presidente do COFO, “la situación da farmacia rural é crítica en moitos casos”. Á luz da súa realidade, importancia e polo ben da provincia de Ourense é importante ver de artellar medidas que melloren as condicións das farmacias, facéndooas viables e estables economicamente. Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDO: Que a Deputación de Ourense incentive e facilite a conclusión de convenios entre establecementos sociosanitarios con necesidades de produtos médicos e de parafarmacia para que realicen as súas compras nas farmacias do propio concello”.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 11º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 11](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación coa emenda do Grupo Popular, e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Que a Deputación de Ourense incentive e facilite a conclusión de convenios entre establecementos sociosanitarios con necesidades de medicamentos e produtos sanitarios para que realicen as súas compras nas farmacias do propio concello.

12º.- MOCIÓN DO BNG ANTE O TAXAZO DA XUNTA DE GALIZA COA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA

Bernardo Varela López, do BNG, expón o contido da seguinte moción:

En vésperas da aprobación dos orzamentos municipais, cando os concellos deben elaborar as Ordenanzas Fiscais de residuos para o vindeiro ano en condicións de seguridade xurídica atópanse coa imposibilidade de establecer un cálculo axeitado ante a inviabilidade material de ter datos cos que facer unha previsión acertada, polo que urxe nestes intres ter información clara sobre o substancial incremento de custe que supón o taxazo da Xunta de Galiza. A isto hai que engadir que a Deputación de Ourense presta o servizo de recollida de

lixo en 74 concellos e que abrangue a 200.000 habitantes afectados pola suba das taxas desde esta institución. O anuncio da Xunta do incremento do canon de SOGAMA para 2025, logo da suba xa aprobada en xullo de 2024 que incluso tiña carácter retroactivo, para aqueles concellos que tiñan a bonificación polo seu compromiso de mellora no servizo de recollida de materia orgánica. Suporía un incremento acumulado de máis do 60%: o canon tipo pasaría dos 68 euros/tonelada da primeira metade de 2024 (coa bonificación do 15% máis de 100 concellos pagaban 56 euros) aos 108 euros en 2025. Un auténtico sablazo e un atraco que merece unha resposta contundente por parte dos concellos e o coñecemento da cidadanía. A mediados do ano 2024 a Xunta elimina a bonificación e incrementa o canon nun 30%, dos 68 aos 88 euros por tonelada (os concellos con bonificación do 15% pagaban 56 euros por tonelada), o incremento medio do canon pagado a SOGAMA foi do 40%. E agora anuncia un novo taxazo para 2025 que elevaría a factura até os 108 euros (suponse que a medida se tramitará na lei de acompañamento dos orzamentos de 2025). O motivo que alega SOGAMA para xustificar esta suba é o imposto estatal regulado na “Lei 7/22, de 8 de abril, de Residuos e chans contaminados” que provoca uns sobrecostos imposibles de asumir para a empresa semipública, botando a culpa íntegra desta suba ao goberno de España. A realidade é que esta lei ven regular un imposto que impón unha Directiva Europea do ano 2018, que grava a incineración e o depósito en vertedoiro por ser as formas medioambientalmente menos sostibles para a xestión de residuos e que na actualidade son as formas preferentes de SOGAMA (Incineración 60%; Vertedoiro 21%). Este incremento unilateral, desproporcionado e abusivo do canon aos concellos e polo tanto ós veciños, veciñas e empresas é consecuencia do fracaso estrepitoso do sistema SOGAMA, baseado en solucións finalistas como a incineración e o depósito en vertedoiro, penalizados pola normativa europea de residuos. Cuestión por certo que xa fora avisada ó longo destes anos por este grupo provincial, marcando Europa, un obxectivo de reciclar o 50% do lixo xerado no 2020. Algo que resultou unha quimera no caso galego onde apenas se acadou o 21% nesta data, sendo que o próximo fito marcado do 55% de reciclaxe no lixo xerado para o 2025, vese novamente a día de hoxe, como algo absolutamente inacadable. A Xunta xustifica a necesidade deste incremento no canon polo desfase nas contas de SOGAMA como consecuencia de decisións do goberno central, que tiveron unha repercusión de 21,3 millóns de euros nas contas da empresa en 2023. Aínda que a Xunta procure escusas e xustificacións externas, a causa do desfase económico de SOGAMA e dos seus números vermello é a ineficiencia, o elevado custo do transporte, a xestión centralizada, e o soterramento e incineración de residuos, pero sobre todo, o erro que supón optar en

*exclusiva por estas opcións obsoletas na xestión do lixo, sen afrontar novas solucións, especialmente no eido da redución e a recuperación. Trabucándose incluso no modelo de xestión da “nova” (seica a mais vella de todas) fracción orgánica, na cal as medidas tomadas pola Xunta de Galiza enfoca de novo a xestión á concentración da fracción coñecida como forsu, no canto de apostar pola compostaxe “in situ” deslocalizada, cuestión que si recolle a Lei de residuos de 2022 como prioritaria. O modelo de Sogama é obsoleto, centralizado e antiecolóxico (aínda que tamén o recoñecemos, é “cómodo”), como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa, pois a porcentaxe de reciclaxe en Sogama no 2020 quedou no 21%, cando a UE marcaba ese o 50%. Somos punteiros, pero pola cola, a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe, xa que o propio plan da Xunta prorrogado ate 2022, establecía a necesidade de tratar mediante compostaxe 245.000 toneladas cando a cifra oficial de 2022 apunta a que só se chegou ás 3.000 Tn. En lugar de abrir un debate sobre a cuestión dos residuos e introducir cambios no sistema de xestión para adaptalo ás esixencias da Directiva Marco Europea de Residuos, a Xunta opta por facerlle pagar aos concellos o fracaso deste sistema centralizado, obsoleto, moi custoso e antiecolóxico. A Xunta opta pola solución doada dun novo sablazo aos concellos, seguindo coa súa especialidade de buscar culpables en lugar de propoñer solucións. Porén a pesar do modelo ineficiente de SOGAMA, é especialmente lucrativo para o 49% da participación privada desta empresa pública, a de NATURGY, que ve garantida a financiación por parte dun goberno agarimoso na Xunta de Galiza. O novo taxazo anunciado para o 2025 (que levará o canon a 108 euros por tonelada), o que supón un incremento total de máis do 60%, non é unha solución, dificilmente podemos cualificalo sequera de mal parche. Condena ós galegos a través dos seus Concellos a sufrir en non moito tempo un novo castigo en forma de incremento de custes, por incumprimento dos obxectivos ambientais Europa. E así seguimos, por iso dende o BNG na Deputación de Ourense traemos a seguinte proposta de **ACORDOS**:*

1.- Solicitar á Xunta de Galicia en calidade de accionista maioritario de SOGAMA que aclare cal é o canon/Tn de rexeitamento entregada polos Concellos para o ano 2025. De tal xeito que estes podan elaborar as Ordenanzas Fiscais de residuos para o vindeiro ano en condicións de seguridade xurídica, reiterando a necesidade de modular o incremento de dito Canon e que este vaia ligado a unha mellora da xestión, conducente á redución de cantidade de residuos da fracción rexeitamento tratados por SOGAMA e á mellora nas fraccións recicladas. 2.- Demandar á Xunta de Galiza que o novo canon se acorde nunha mesa de traballo onde estean representadas a Consellería de Medio Ambiente, a Consellería de

*Facenda e a FEGAMP, co fin de acadar un acordo a medio prazo que permita establecer un marco estable no aspecto económico da xestión dos residuos. Así mesmo esta comisión permitirá acadar acordos entre os responsables da recollida (Concellos) e os xestores da maior parte dos residuos (Xunta de Galiza /SOGAMA) sobre as verdadeiras necesidades para o tratamento sustentable dos residuos, evitando gastos superfluos e novos taxazos. 3.- Instar á Xunta de Galiza e SOGAMA que en ningún caso a Taxa deberá incrementarse nunha cantidade real superior ó 20 % do canon por tonelada do ano 2023, sempre e cando o Concello teña implementado no ano 25, un sistema de recuperación da fracción FORSU (Materia Orgánica), adaptado á realidade do seu territorio. Sendo pois válidos para a aplicación das bonificacións correspondentes os sistemas de compostaxe individual, compostaxe comunitaria ou quinto contedor, sempre que os servizos técnicos da Consellería do Medio Ambiente da Xunta de Galicia podan verificar o seu bo funcionamento. 4.- Solicitar da Xunta de Galiza a creación dun "**Fondo específico de axudas á mellora na sustentabilidade da Xestión dos Residuos en Galiza**". Este deberá contar para a súa concesión con factores de corrección que favorezan a aqueles Concellos que presenten datos favorables na redución de toneladas de residuos procedentes do colector de rexeitamento e incremento nas toneladas de residuos das distintas fraccións recicladas (vidro, envases, papel-cartón, materia orgánica, ...) nos últimos 10 anos. Así mesmo deberá ter en conta o factor diferencial de Ourense, entregando os fondos para a mellora da sustentabilidade da xestión dos residuos á Deputación Provincial de Ourense no que corresponda a aqueles Concellos que teñan o servizo de xestión do contedor de rexeitamento delegado a esta institución. 5.- O pleno da Deputación Provincial de Ourense exhorta tanto á Xunta de Galiza como ao Estado español á posta en marcha dos regulamentos e ordes que permitan facer realidade os obxectivos da Lei 7/2022 de 8 de Abril de residuos e chans contaminados para unha economía circular. Facendo realidade, medidas tales, como a priorización do pago por retorno de envases, a creación de SCRAPs para residuos como colchóns, móbeis, cabichas, ... Así como acadar (neste caso a Xunta de Galiza) os acordos precisos cos SCRAPs xa existentes como Ecoembes e Ecovidro para a mellora e sustentabilidade dos sistemas actualmente implantados, escoitando a ás entidades locais, de xeito que estes convenios se axusten á realidade no noso País. Así mesmo a administración competente en cada caso, deberá vixiar que se cumpra a lexislación vixente, en canto á posta a disposición dos consumidores de produtos a granel nos centros de venda e a redución real por parte das empresas, tanto dos envases superfluos como dos refugалlos de alimentación. 6.- Instar á Xunta de Galiza a buscar*

solucións de proximidade, na medida do posible, para as distintas fraccións do lixo, especialmente a fracción FORSU, tales como plantas locais, comarcais ou mediante colaboración con explotacións agrogandeiras en plantas de agrocompostaxe, sempre e cando non sexa posible a compostaxe individual ou comunitaria. Empregando o quinto contedor cando non sexa posible unha opción de proximidade. 7.- Instar á Deputación Provincial e ós Concellos da Provincia con xestión propia a establecer campañas de concienciación na redución, reutilización, separación e reciclaxe dos residuos. Complementando esta acción coa posta en marcha dun servizo de inspección e sanción que dé cobertura á totalidade dos Concellos de Ourense”.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 12º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 12](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación da moción separada por puntos, tal e como se acordou no debate, co seguinte resultado:

1º, 3º, 4º, 5º, 6º e 7º puntos: aprobados por unanimidade.

2º e 3º puntos: rexeitados (voto de calidade do presidente), ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7), do BNG (3) e de DO (2), e o voto en contra do Grupo Popular (12).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Solicitalle á Xunta de Galicia en calidade de accionista maioritario de SOGAMA que aclare cal é o canon/Tn de rexeitamento entregada polos Concellos para o ano 2025. De tal xeito que estes poidan elaborar as ordenanzas fiscais de residuos para o vindeiro ano en condicións de seguridade xurídica, reiterando a necesidade de modular o incremento do dito canon e que este vaia ligado a unha mellora da xestión, conducente á redución de cantidade de residuos da fracción rexeitamento tratados por SOGAMA e á mellora nas fraccións recicladas.

2.- Solicitar da Xunta de Galiza a creación dun "**Fondo específico de axudas á mellora na sustentabilidade da xestión dos residuos en Galiza**". Este deberá contar para a súa concesión con factores de corrección que favorezan a aqueles Concellos que presenten datos favorables na redución de toneladas de residuos procedentes do colector de rexeitamento e incremento nas toneladas de residuos das distintas fraccións recicladas (vidro, envases, papel-cartón, materia orgánica, ...) nos últimos 10 anos. Así mesmo deberá ter en conta o factor diferencial de Ourense, entregando os fondos para a mellora da sustentabilidade da xestión dos residuos á Deputación Provincial de Ourense no que corresponda a aqueles concellos que teñan o servizo de xestión do contedor de rexeitamento delegado a esta institución.

3.- O pleno da Deputación Provincial de Ourense exhorta tanto á Xunta de Galiza como ao Estado español á posta en marcha dos regulamentos e ordes que permitan facer realidade os obxectivos da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular. Facendo realidade medidas tales como a priorización do pago por retorno de envases, a creación de SCRAPs para residuos como colchóns, móbeis, cabichas, ... Así como acadar (neste caso a Xunta de Galiza) os acordos precisos cos SCRAPs xa existentes como Ecoembes e Ecovidro para a mellora e sustentabilidade dos sistemas actualmente implantados, escoitando ás entidades locais, de xeito que estes convenios se axusten á realidade no noso País. Así mesmo a administración competente en cada caso, deberá vixiar que se cumpra a lexislación vixente, en canto á posta a disposición dos consumidores de produtos a granel nos centros de venda e a redución real por parte das empresas, tanto dos envases superfluos como dos refugallos de alimentación.

4.- Instar á Xunta de Galiza a buscar solucións de proximidade, na medida do posible, para as distintas fraccións do lixo, especialmente a fracción FORSU, tales como plantas locais, comarcais ou mediante colaboración con explotacións agrogandeiras en plantas de agrocompostaxe, sempre e cando non sexa posible a compostaxe individual ou comunitaria. Empregando o quinto contedor cando non sexa posible unha opción de proximidade.

5.- Instar á Deputación Provincial e aos concellos da provincia con xestión propia a establecer campañas de concienciación na redución, reutilización, separación e reciclaxe dos residuos. Complementando esta acción coa posta en marcha dun servizo de inspección e sanción que dea cobertura á totalidade dos concellos de Ourense.

13º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

14º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de setembro de 2024.

- Dáse conta das modificacións realizadas no Plan CooperoOU a instancias dos concellos. Os membros da Corporación quedan informados.

15º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as intervencións que se recollen integramente no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

E, ás 15.30 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

DILIXENCIA:

De acordo coa normativa aplicable, artigo 109 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), e artigo 2 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, **a presente acta esténdese en documento electrónico e incorporando o arquivo audiovisual da sesión, mediante o sistema de vídeo acta.**

A acta consigna os seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos, e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros. Ademais do anterior, a acta incorpora o arquivo audiovisual da gravación da sesión, contendo a literalidade das intervencións, así como a sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría do pleno, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerce a Presidencia.

Para os efectos do previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), **por medio deste escrito CERTIFICO a autenticidade e integridade do ficheiro da gravación contido na presente acta.**

PEGADA DIXITAL VÍDEO

```
<iframe                                width="560"                                height="315"
src="https://videoacta.depourense.gal/vod/Plenos/2024/10/25/Pleno_ordinario_mes_de_outu
bro_do_2024/video_202410250959000000_FH.mp4"                                frameborder="0"
allow="accelerometer; autoplay; encrypted-media; gyroscope; picture-in-picture"
allowfullscreen></iframe>
```

